

CARTEL FESTA DA FABA 2020

LOURENZÁ

A Concellería de Cultura e Festexos do Concello de Lourenzá concoca o Concurso do Cartel anunciador da Festa da Faba 2020, co gallo de cumprirse a XXX edición, de acordo coas seguintes

BASES

- 1.- Poderán participar todas aquelas persoas que o desexen maiores de idade.
2. As medidas do cartel serán de 40x50 con orientación indiferente, vertical ou horizontal.
3. Os traballos, que serán inéditos, presentaranse, sen firma, en formato dixital (jpg ou pdf), en soporte CD-ROM e cunha resolución mínima de 300 ppp. Asimesmo aportarase unha copia impresa en papel fotográfico da obra presentada.
4. O cartel presentarase no Rexistro do Concello de Lourenzá nun sobre pechado que incluíra o CD, a copia impresa e un segundo sobre pechado cunha fotocopia do DNI do autor e o teléfono de contacto. Asimesmo poderá enviarse por correo á seguinte dirección: Concello de Lourenzá, Praza do Conde Santo s/n, 27760 Lourenzá (Lugo).
5. No cartel aparecerá a seguinte lenda:

**XXX Festa da Faba
Lourenzá**

**Do 2 ao 4 de outubro de 2020
Festa de interese turístico galego**

6. O prazo para concursar finalizará o 30 de xuño de 2020
- 7.- A Concellería de Cultura e Festexos designará un xurado que valorará os traballos presentados, estando presidido pola Sra. Alcaldesa ou persoa na que delegue.
- 8.- O fallo do xurado, que será inapelable, darase a coñecer a partir do día 1 de xullo de 2020.
- 9.- Establécese un único premio de 350 euro e trofeo, que será entregado no acto de inauguración da Festa da Faba.
10. O xurado poderá declarar deserto o premio no caso de que os traballos presentados non reúnan a suficiente calidade, así como excluír do concurso aqueles que non cumpran os requisitos expresados nas bases.
11. O traballo que resulte gañador, será o cartel anunciador da XXX Festa da Faba de Lourenzá, quedando en propiedade do Concello de Lourenzá.
12. O resto dos traballos que non resulten premiados poderán recollese nas oficinas municipais no prazo dun mes a partir de ser publicado o fallo do xurado. De non seren recollidos, pasarán a ser propiedade do Concello de Lourenzá e poderá dispor libremente das obras.



Concello de Lourenzá